

MAREMAGNUM

publicación galega sobre os trastornos do espectro do autismo



nº 16 - 2012

*NENOS SALVAXES E
PSIQUIATRÍA INFANTIL*



NENOS SALVAXES E PSIQUIATRÍA INFANTIL

AUTISMO GALICIA

MAREMAGNUM

 AUTISMO GALICIA

Nº 16. Ano 2012

Número Ordinario

galego/castelán

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas

ciprianoluis@menela.org

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez

Enma Cuesta Fernández

Susana Rodríguez Blanco

Estrela Vázquez Allegue

Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Secretaría Xeral de Política Lingüística e

Felicia Estévez Salazar

Ilustración portada

Berta Caccamo

Edita

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

Fax 34 981 589344

E-mail: info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Difux, S.L.

Sumario

– GALEGO –

7

Editorial

NENOS SALVAXES E PSIQUIATRÍA INFANTIL

9

DE QUE FALAMOS CANDO FALAMOS DA INFANCIA
EN PSICOPATOLOXÍA. O NENO COMO SUXEITO

Federico Fernández Osorio

27

O NENO SALVAXE

Jean Garrabé

41

A PROBLEMÁTICA EDUCATIVA DOS NENOS SELVÁTICOS:
O CASO DE “MARCOS”

Gabriel Janer Manila

51

O CASO VÍCTOR DE AVEYRON E OS NENOS SALVAXES

Jaume Martínez Mas / Leticia Gómez Conde

67

ENTRE A PEDAGOXÍA E A PSICOPATOLOXÍA: O NENO
SALVAXE NO NACEMENTO DE A PSIQUIATRÍA INFANTIL

María Belén Martínez Alonso / Leticia Gómez Conde

81
NACEMENTO DA PSIQUIATRÍA INFANTIL
Cipriano Luis Jiménez Casas

93
O CEO DESDE A TERRA NA OBRA DE ROSALÍA DE CASTRO
María Pilar García Negro

109
MULLERES, LOUCURA, ESCRITA
Marilar Aleixandre

— CASTELLANO —

117
Editorial
NIÑOS SALVAJES Y PSIQUIATRIA INFANTIL

119
DE QUE HABLAMOS CUANDO HABLAMOS DE LA INFANCIA
EN PSICOPATOLOGÍA. EL NIÑO COMO SUJETO
Federico Menéndez Osorio

137
EL NIÑO SALVAJE
Jean Garrabé

151
LA PROBLEMÁTICA EDUCATIVA DE LOS NIÑOS SELVÁTICOS:
EL CASO DE “MARCOS”
Gabriel Janer Manila

161

EL CASO VICTOR DE AVEYRON Y LOS NIÑOS SALVAJES

Jaume Martínez Mas / Leticia Gómez Conde

177

ENTRE LA PEDAGOGÍA Y LA PSICOPATOLOGIA: EL NIÑO SALVAJE
EN EL NACIMIENTO DE LA PSIQUIATRIA INFANTIL

María Belén Martínez Alonso / Leticia Gómez Conde

191

NACIMIENTO DE LA PSIQUIATRIA INFANTIL

Cipriano Luis Jiménez Casas

203

EL CIELO DESDE LA TIERRA EN LA OBRA
DE ROSALIA DE CASTRO

María Pilar García Negro

221

MUJERES, LOCURA, ESCRITURA

Marilar Aleixandre

NACEMENTO DA PSIQUIATRÍA INFANTIL

Cipriano Luis Jiménez Casas¹

Psiquiatra. Psicanalista e escritor

RESUMO

O concepto da psiquiatría infantil en canto á especialidade diferente –tal como escribe Leo Kanner– non xurdiu, nin podía ter xurdido, antes do s. XX. Ata entón os nenos formaban parte dos produtos domésticos, onde o Oliver Twist de Dickens era unha ficción baseada nunha realidade inflexible, cando o traballo infantil irrestricto baleiraba a saúde e o espírito dos adolescentes sen recursos, ou cando a policía prusiana denunciaba os primeiros xardíns de infantes como focos do socialismo.

O s. XX ía estar destinado a ser “o século do neno”. Promúlganse leis que establecen tribunais de menores, os xuíces consultaban a psiquiatras, fúndanse centros de ensino especial e cátedras en universidades destacadas, periódicos especializados, sociedades e convencións nacionais e internacionais e intensas actividades de investigación.

Desgraciadamente no s. XXI esta especialidade aínda non está recoñecida en España como especialidade universitaria.

¹ Licenciado con grao en Medicina e Cirurxía, USC (1966). Especialista en Psiquiatría polas Universidades de Madrid, Lausanne e Geneve (Suíza). Psiquiatra dos Hospitais Psiquiátricos de Leganés (Madrid), Clinique Psychiatrique d'Yverdon (Cantón de Vaud-Suíza), Clínica Universitaria de Bel-Air (Profesor de Ajuriaguerra) e Centro Psico-Social Universitario de Xenebra. Psicanalista didáctico da Asociación Española de Psicoterapia Psicanalítica.

Actividade profesional: Ex – Director do Centro de Educación Especial Menela. Director dos Proxectos Europeos Horizón II e III (1995-1999) de Formación para o Emprego de Persoas Autistas e Psicóticas Castro Navás - Autismo Galicia e INTERREG IIIA de Cooperación Transfronteiriza España - Norte de Portugal (Fondo Social Europeo): CAMI, CAMI II e CAMI III (2003 – 2007).

Outras actividades profesionais e representativas: Fundador do Instituto Galego de Estudos Freudianos; Asociación Galega de Terapeutas de Autismo e Psicoses Infantís; Federación de Asociacións Pro-Deficientes de Pontevedra; Autismo Galicia e Fundación Tutelar “Sálvora”. Ex-membro: Consello Asesor

Os precursores da psiquiatría infantil

Non existen probas da existencia de ningún interese organizado polo desenvolvemento nin a conduta infantil na Antigüidade nin na Idade Media. Aínda así na época precedente ás revolucións francesa e norteamericana. A nova declaración dos dereitos do home incorporou unha estela de reformas que se entendían os que foran descoidados ou oprimidos ata ese momento. Comezaron a retirarlles os grilletes aos loucos e alzáronse voces *contra* o tráfico de escravos e *por* un tratamento humanitario aos presos. Os nenos, en inferioridade de condicións, comezaron a recibir unha atención construtiva. Perere demostrou que é posible ensinar a xordomudos a comunicarse con quen os rodea. En 1784, Haüy funda en París a primeira escola de educación para cegos.

No s. XIX Itard ao tratar de civilizar o “neno salvaxe de Aveyron”, introduce métodos destinados a axudar a nenos gravemente atrasados. En 1841, Guggerbühl inaugura o Abendberg, en Suíza, o primeiro centro residencial para xoves deficientes mentais. Esta innovación tan espectacular, supuxo que príncipes, médicos e sacerdotes se achegaran para admiralo e aprender. Neste período fundáronse institutos en varios países europeos e a través de Samuel Gridley Howe, tamén en USA desde 1848.

Ao mesmo tempo, especialmente inspirados pola obra *Emile* de Rousseau, publicaba en 1762, e polos escritos de Locke, algúns científicos sentiron espertar a súa curiosidade en relación ao desenvolvemento infantil. Observaron os seus propios fillos e rexistraron o desenvolvemento das súas funcións día a día. Seguiron o exemplo do educador suízo Pestalozzi, que escribiu o Diario en 1774 sobre a educación do seu fillo Jakob, obra que, a pesar de todo, aínda arrastraba un lastre de misticismo relixioso.

de Autismo España e Autismo Europa. Vicepresidente Autismo Galicia. Director de MAREMAGNUM. Fundador de Lumeiro S.L. editora de Vagalume; Edicións do Rueiro e Nós Productora Cinematográfica Galega S.L. Libros publicados: Máis de 13 libros publicados e colaboración en máis de 21. Publicou diversos traballos científicos sobre a enfermidade de Parkinson na Clínica Universitaria de Bel-Air en Xenebra (Suíza, 1970) e un Estudo Epidemiolóxico sobre persoas con discapacidade de Galicia (1999).

Colaboracións: Máis de 300 artigos sobre psicoloxía, psicanálise, ensinanza, sexualidade, saúde mental e discapacidade; 50 cursos, 150 conferencias en Congresos e Seminarios (Galicia, España e a nivel internacional). Artigos en *Revistas galegas* (Teima, Man Común, Agalia...); *Revistas galegas especializadas* (Cadernos de Psicoloxía); *Revistas do Estado Español* (ACTTAPI, CITAP...); *Revistas europeas* (ARAPI, Autismo Espoire - Grecia, Bulletin D'information Scientifique en Orthopedagogie de l'Universite de Mons Hainaut - Belxica...) Máis de 70 artigos en Faro da Cultura de Faro de Vigo. Membro: Asociación Española de Neuropsiquiatría; Académico Numerario da Academia Médico-Quirúrxica Provincial de Vigo; Asociación Galega de Psiquiatría e Asociación Galega de Saúde Mental; Fundación Bibliófilos Galegos; Asociación de Escritores en Lingua Galega; Director Xeral e Secretario de Fundación MENELA. Vigués distinguido 2011.

Na década de 1880, Stanley Hall analiza as respostas obtidas en cuestionarios enviados a miles de pais, e presenta os seus datos en termos de cálculos porcentuais. Xorde así, un novo corpo de investigación que, como psicoloxía evolutiva, reparou no lapso dunha xeración que tiña sido descoidada durante séculos.

Contribucións esporádicas ao coñecemento da conduta desviada dos nenos comezaron a chegar dos campos da neuroloxía, pediatría e a psiquiatría. Cara a finais do s. XIX publícanse varios textos sobre trastornos psíquicos, enfermidades mentais ou insania infantís. As desviacións da conduta interesan a Emminghaus, Moreau de Tours, Ieland e Mannheimer, principalmente en canto pareceron adaptar diagnósticos acordes ás clasificacións establecidas para os adultos. Estes tratados representaron un primeiro paso de cara á consideración unificada das neuroses e psicoses que se producen nas idades temperás da vida.

Pero en xeral os psiquiatras aínda se mantiñan á marxe, e a maior parte dos mesmos non vían nin escoitaban profesionalmente os nenos.

A psiquiatría infantil ao longo do século XX

En 1900, o sociólogo sueco Elen Key, despois de librar unha victoriosa batalla en pro da emancipación da muller, augurou que o século XX ía estar destinado a ser “o século do neno”. En 1899, Illinois e Colorado promulgan leis que establecen tribunais de menores, nos cales os nenos delinquentes debían ser xulgados por separado e de forma diferente aos adultos que violaban a lei.

Os xuíces interesados pola pescuda do *por qué* os xoves infractores foran impulsados a cometer as súas transgresións, consultaban a psiquiatras, que deste modo se viron obrigados a ocuparse da conduta infantil e as súas motivacións. Como resultado desta situación, Heale fundou o instituto Psicopático Xuvenil en 1909, en conexión co Tribunal de Menores de Chicago, publicando en 1915 o seu libro *The Individual Delinquent*, un informe baseado en estudos de casos en lugar de difusas especulacións sobre a delincuencia en abstracto.

En 1905, Binet e Simón publican a súa escala de intelixencia, que Godfard introduce nos Estados Unidos en 1910 e que Terman adapta en 1916, na súa zona xeográfica e étnica. Estes tests brindaron un medio concreto para axudar os mestres a avaliar a capacidade dun neno para captar a instrución impartida nas aulas. Foi esta a primeira tentativa para evitar o desgobierno no ensino.

Simultaneamente a psiquiatría de adultos sufría importantes cambios. A obra de Kraepelin, serviu de referente para a humanización da psiquiatría. As súas descrições de síntomas, os que da enfermidade mental, despertaron curiosidade respecto aos *de onde e por qué*. Freud e Meyer avogaban por unha posición dinámica que ve as orixes dos problemas actuais en experiencias do

pasado. A exploración biográfica, se fose seguida consecuentemente, sempre se retrotraía á época na cal todo paciente era neno. Esta búsqueda do significado dos sucesos infantís como precursores da enfermidade posterior, creou unha apetencia de coñecementos inmediatos cos propios nenos perturbados, facendo madurar a idea dunha intervención profiláctica na época dos primeiros accesos. Esta idea foi recollida por Beers, quen fundou en 1909 o Comité Nacional de Hixiene Mental.

Polo tanto, entre 1899 e 1909 todo estaba preparado, para realizar o labor individual cos nenos con problemas. Os tribunais de menores, a psicometría, a psiquiatría dinámica e o movemento de hixiene mental servían como incentivos principais. Educadores, psicólogos e psiquiatras comezaron a *pensar sobre* os nenos dunha maneira práctica e individualmente útil.

A segunda década do s. XX estivo dedicada principalmente a implementación lexislativa dos descubrimentos realizados e foi a transición dunha filantropía desorganizada a un empeño comunitario sistemático. As clases especiais nas escolas públicas axudan os estudantes atrasados ou dalgunha outra maneira en inferioridade de condicións a adquirir unha instrución proporcional á súa capacidade. O obxecto principal era a protección fronte á brutalidade, os malos exemplos, a desnutrición, etc... A xente xa non só *pensaba* nos nenos, senón que estaba preparada para *facerlles algo*, coa axuda de facilidades comunitarias axeitadas.

Na década de 1920, Thom inaugura a *Boston Hábitat Clinic* para orientación dos nenos con problemas; en 1922 establecéronse clínicas de orientación nalgunhas comunidades. En 1930 había arredor de cincocentas clínicas, e máis de cincuenta países enviaron delegados ao Primeiro Congreso Internacional de Hixiene Mental celebrado en Washington. Son as primeiras clínicas interdisciplinares de orientación infantil dirixidas por médicos, psicólogos e traballadores sociais que traballan en equipo. Ao mesmo tempo, os educadores non pensan xa tanto nun simple atraso intelectual nos cambios de conduta infantil, e en unión con psicólogos e psiquiatras tratan de definir métodos educativos apropiados. Ata o momento, a maioría das teorías estaban centradas arredor dos factores innatos, constitucionais e instintivos do individuo.

As clínicas ampliaron as intervencións construtivas colaborando coa familia e a escola. A reciprocidade da relación pais – fillos convértese nun novo tema de investigación.

En 1926, Homburger publica un libro sobre a psicopatoloxía da infancia e Anna Freud comeza a aplicar principios psicanalíticos o tratamento con nenos perturbados e, mediante a introdución da terapia do xogo, formulou un método para incluír o propio neno paciente dentro da disposición terapéutica, a *facer cousas con el*, como *el e por el*.

En 1930 inaugúrase, o que pode ser considerado como o primeiro servizo psiquiátrico infantil do mundo, no departamento de pediatría do Johns Hopkins Hospital de Baltimore.

Tórnase posible o acceso dos nenos, desde o comezo da súa vida ata a puberdade e máis ala aínda, con toda clase de anomalías evolutivas e de conduta, con calquera clase de implicación simple ou combinada, orgánica, intelectual, psicóxena, de actitude e sociolóxica.

En 1933, nunha reunión da Asociación Psiquiátrica Suíza, Tramer suxire para esta nova rama da medicina o nome de *Kinderpsychiatrie* (psiquiatría infantil), a cal deu circulación adicional o título da primeira revista da especialidade fundada por el en 1934. En lingua inglesa L. Kanner, en 1935 utiliza o termo equivalente de “*child psychiatry*” no primeiro texto sobre esa disciplina.

É no ano 1937 que se celebra en París por iniciativa de Heuyer o Primeiro Congreso Internacional de Psiquiatría Infantil. A psiquiatría infantil adquire unha identidade recoñecida, nome propio, e unha vigorosa representación.

Este recoñecemento conduciu, durante as ultimas décadas, o establecemento de centros de ensino e cátedras en universidades destacadas, periódicos especializados, sociedades e convencións nacionais e internacionais, creación de clínicas para pacientes externos e de unidades residenciais para nenos emocionalmente perturbados, e intensas actividades de investigación

Nas décadas de 1930 e 1940 efectuaron contribucións fundamentais ao estudo das psicoses infantís Lutz en Suíza; Sscharewa en Rusia; Creak en Inglaterra; e Despert, Bender, Kanner (autismo infantil) e Mahler (psicoses simbióticas) en USA.

A obra de Goldfard centra o intres nos efectos da privación materna precoz. Levy e Allen imprimen novas orientacións á empresa psicoterapéutica. Un campo de prevención primaria comeza a incluír a epidemioloxía e os factores prenatais e paranatais dentro do contorno da psiquiatría infantil.

A psiquiatría infantil chega así a maioría de idade e a súa permanencia é definitiva. Ten raíces en numerosos terreos: educación, pediatría, neuroloxía, psiquiatría xeral, psicoloxía, xurisprudencia, xenética e bioquímica. Puido integrar todas esas consideracións nunha soa disciplina unificada aínda que amplamente ramificada, en breve lapso de tempo.

Psicopatoloxía do neno e do adolescente

A psicopatoloxía do neno e do adolescente presentan unha serie de singularidades que a diferencian significativamente da psicoloxía xeral –a do adulto–, a pesar das cada vez máis recoñecidas coincidencias e identidades entre ámbalas dúas. Sucede simplemente que o neno non é un adulto e, polo

tanto, os seus modos de enfermar, cando menos parcialmente, non coinciden cos observados noutras fases da vida.

Os diferentes momentos ou *etapas do desenvolvemento* chegan a condicionar incluso os criterios de doenza ou enfermidade e de normalidade. Así, unha determinada manifestación, p. ex. urina na cama, é considerada anormal nun neno de 7 a 12 anos, pero non patolóxica nun neno de 3 ou 4. Un comportamento repetitivo, reiterado e non coherente coa situación en que se atopa o suxeito, como dar un salto cada tres baldosas, pode ser considerado un síntoma obsesivo-compulsivo aos 16 anos de idade, pero pode constituír un simple xogo aos 8 ou 10 anos. No primeiro caso sería unha manifestación patolóxica e no segundo un comportamento normal. Pero, a outras idades, mesmo pode resultar patolóxica a ausencia de comportamentos repetitivos e reiterados. Será o caso dun neno de 3 anos que non intente nunca repetir múltiples veces un xogo ou unha narración.

Ademais existen trastornos que son específicos de determinadas idades, dándose só nelas e non noutras. A situacionalidade do comportamento é moito máis evidente, intensa e frecuente no neno que no adulto. O desenvolvemento do ser humano, en relación a comportamentos concretos refírese e supón un progresivo “distanciamento” respecto do contorno inmediato. Este feito ten a súa continuidade na psicopatoloxía. É frecuentísimo que o neno manifeste os seus trastornos en determinadas situacións e, en cambio, noutras non o faga en absoluto. Así, pode actuar de modo agresivo, desafiante, conflitivo e colérico no seu fogar, na relación cos seus pais e irmáns, e adoptar un comportamento modélico cando é invitado a casa dun amigo ou non ter problema algún no ámbito escolar.

Non esquezamos, que en psiquiatría infantil, polo xeral, os pais e a familia son os subministradores fundamentais na recollida de datos, indispensables para un bo diagnóstico e tratamento. Mais a súa información vai ser forzosamente parcial na maior parte dos casos, na medida en que tratan de describir exclusivamente o neno que ven. De aí que sexa imprescindible diversificar as fontes de información. Os pais, outros familiares, os mestres, os monitores ou responsables doutras institucións frecuentadas polo neno deben subministrar datos necesarios para a súa valoración e diagnóstico. Convén ter sempre presente que a totalidade dos nenos e nenas que van a consulta son conducidos polos seus pais, non acoden voluntariamente. É máis, case nunca saben por que os levan ao médico ou psicólogo. Esta situación é polo tanto moi diferente á formulada polos adultos, que son máis conscientes do seu sufrimento e acoden voluntariamente a consulta coa implícita decisión de colaborar tanto no diagnóstico como no plan terapéutico.

A psiquiatría infantil na encrucillada das tendencias teóricas

A maior parte das consultas en psiquiatría infantil, non están determinadas tanto pola gravidade do trastorno canto pola tolerancia dos pais ao comportamento ou problema do seu fillo. A tolerancia dos pais esta determinada, en parte, polo seu propio equilibrio emocional, é dicir, polo grao de “saúde mental” que ostenten, que tamén depende da conflitividade conxugal.

É moi difícil atopar algún tipo de psicopatoloxía nun neno que poida describirse sen relacionalo dalgunha maneira coa vida familiar. Non é esta consideración de definir a familia como posible causa de patoloxía, senón que se refire a frecuentísima *implicación dos pais* nas manifestacións psicopatolóxicas do neno.

A psiquiatría infantil sempre foi considerada como unha ciencia menor e totalmente escurecida pola psiquiatría do adulto. Pero na psiquiatría infantil entrecrúzanse diversas disciplinas: pediatría, psiquiatría xeral, neuroloxía, psicoloxía, pedagogía e socioloxía, formas de coñecemento coas que se confronta, se identifica ou diferencia, valéndose dos progresos dunha ciencia concreta a de todas elas.

A neuroloxía basculou entre dúas tendencias: unha localizadora (funcionamento da psique como un mosaico de funcións, como un compendio da actividade de órganos independentes) e outra, biofuncional, acorde a cal non son localizables as funcións, aínda cando poida relacionarse un síntoma con algunha lesión localizada: o síntoma sería un produto arbitrario do modo de concibir as cousas.

Tamén a psiquiatría xeral evolucionou entre dúas tendencias contraditorias: a organoxéneses e a psicoxéneses. Para os “organicistas”, todo mecanismo mental redúcese a actividade de sistemas neurolóxicos existentes e, prescindindo desta mecánica nada pode quedar elucidado; a integración das funcións explícase pola madurez e actividade sucesiva de aparatos anatomofisiolóxicos, e os disfuncionamentos por desorganizacións xerais ou focais. Investiga unha etioloxía baseada en factores hereditarios, ou en factores adquiridos, tóxicos, infecciosos, metabólicos, etc.

Pola súa banda os “psicoxenetistas” dan pouca importancia aos procesos cerebrais e só se interesan polos mecanismos psicoxenéticos que gardan relación fundamentalmente co estudo dos problemas conflitivos a través da comprensión histórica da personalidade ou da individual vivencia existencial.

A psiquiatría sempre oscilou entre dúas tendencias: a que admite que a perturbación mental consiste no mal funcionamento dunha mecánica, e a que tan só admite alteracións “vivas” ou “presentes”, desligadas de todo o orgánico. Moitas veces, a unha mitoloxía cerebral opúxose unha mitoloxía animista, carente de bases biolóxicas.

Unicamente considerando o ser humano como un todo funcional en relación co seu contorno podemos chegar a unha auténtica neurobioloxía.

A propia evolución do neno fainos ver e permítenos superar as contradicións expostas. É imposible comprender a organización illando o suxeito do obxecto, subordinando o un ao outro ou non tendo en conta, tal como di J. Piaget, o proceso bipolar de composición do suxeito e do obxecto, que vai unido o desenvolvemento da acción e é anterior ao mesmo ser humano.

A psiquiatría infantil deberá estudar as “formas” de organización no tempo e o espazo racionais. Faise indispensable o estudo evolutivo das funcións; non hai que considerar o ser humano como un ser dunha soa peza, senón –no seu funcionamento– como un ser que se realiza progresivamente ao compás das súas propias realizacións funcionais. Nesta concepción, cabe o vivido e o imaxinario sen que as vivencias adquiran un sentido mítico nin o imaxinario un sentido descarnado. O neno ábrese a experiencia e vaise construíndo sobre a base das súas propias contradicións. *O home faise facéndose* sempre nos comentaba J. de Ajuriaguerra.

A pedagogía proporciónanos as bases dunha perfecta apreensión do real e do social, así como dos coñecementos que nos permiten valernos no mundo, pero tamén pode converterse en algo mecánico e estéril. A pedagogía será científica a partir do momento no que teña en conta as posibilidades do neno nas súas sucesivas “fases”, da súa capacidade de aprendizaxe e das súas necesidades sociais.

En relación á etoloxía, as súas achegas abordan problemas cos que nos podemos atopar en calquera momento: dicotomía entre pulsión e aprendizaxe, factores de idade e estudos ontoxénicos, distinción entre causalidade e función na comprensión da conduta, descrición desta no seu contorno ambiental, a interacción social, multiplicidade da maneira de actuar dos factores ambientais, etc.

A observación biolóxica, ha de ter en conta que o desenvolvemento infantil non é un monólogo, senón un diálogo entre un crecemento e un interlocutor que o alimenta e que, en calquera caso, o neno sempre segue sendo un ser nunha situación dada, en loita consigo mesmo.

A importancia das achegas do contorno, como, por exemplo, as aferencias sensoriais sociais e afectivas (especialmente maternas), os modos de relación simbióticos no comezo do desenvolvemento, o valor que hai que asinar a parella nai-fillo / pai-fillo, como unidade funcional e como unidade construtiva, dan paso a unha máis ampla sociabilidade.

Todo método de observación deberá ter en conta a existencia dalgunhas constantes na evolución, así como determinadas variantes tanto no neno como no seu contorno.

- As constantes do neno son as constantes *biolóxicas* madurativas que poden medirse mediante unha serie de tests.
- As constantes do contorno son as constantes *culturais* que se dan no modo de comportarse co neno.

As variables no neno son:

- As dun *equipo de base* xenética (podería dicirse primaria), enerxética e de impulsos;
- As dun novo equipo de base (que poderíamos denominar secundario) que se desenvolve precozmente durante o seu primeiro ano e formase partindo do primeiro equipo xenético de base ou dos mecanismos de relación e da dinámica das realizacións funcionais, ou partindo de ámbalas dúas.

A psiquiatría infantil en España

Tamén denominada psiquiatría infanto xuvenil, a psiquiatría infantil é unha rama da medicina que se ocupa da poboación con problemas mentais e/ou do comportamento que se atopan na franxa de idade comprendida entre os 10 e os 18 anos (nalgúns países acada ata os 21 anos). Na maioría dos países occidentais a psiquiatría infantil é unha especialidade autónoma e independente da psiquiatría do adulto. Desgraciadamente esta especialidade aínda non esta recoñecida en España como especialidade universitaria. De tódolos países da Unión Europea, tampouco teñen recoñecida esta especialidade nin Romanía nin Letonia. Esta situación contrasta cos seguintes datos:

- Entre un 15 e un 20% de nenos e adolescentes sofren algún tipo de trastorno mental.
- Entre un 70 e un 80% das enfermidades mentais teñen os seus primeiros síntomas durante a infancia e adolescencia (trastorno bipolar, esquizofrenia...)
- 1 de cada 150 nenos en idade escolar presentan trastornos do espectro do autismo (TEA).
- Tamén nestas idades temos trastornos de ansiedade, trastornos de déficit de atención e hiperactividade (TDAH).

O suicidio p. ex. está considerado como a terceira causa de morte en adolescentes e mozos e outros trastornos como o consumo de alcohol e outros tóxicos está aumentando considerablemente (iniciándose no alcohol os adolescentes os 11/12 anos), trastornos alimentarios presentes sobre todo en nenas os 6 e 10 anos, fracasos escolares tamén importantes e cuxa orixe é simplemente un trastorno emocional ou de conduta, serían motivos máis que suficientes para que a especialidade de psiquiatría infantil fose, dunha vez por todas recoñecida.

É unha longa reclamación de hai máis de 30 anos por diferentes plataformas de familiares e profesionais (unha das máis activas é, a que agrupa a familiares do TDAH).

A creación desta especialidade de psiquiatría infantil ou infanto xuvenil proporcionaría a susodita poboación unha asistencia en saúde mental de maior calidade, evitaría o absurdo de que nenos de 6 anos, teñan que ser derivados a Unidades de Saúde Mental de Adultos, potenciaría a investigación, xa que logo, non se pode investigar en algo que aínda non está recoñecido, a poboación tería un maior grao de coñecemento do servizo ao que debe acudir cando teña un neno con trastornos do comportamento ou un adolescente conflictivo, evitaría a peregrinaxe dos pais por diferentes especialistas e, sobre todo con estes servizos de psiquiatría infantil facer unha auténtica medicina preventiva en saúde mental, unha vez que a propia OMS nos indica que un 80% das enfermidades mentais se inician antes dos 14 anos.

O aforro de sufrimentos persoais á poboación e o aforro económico a nivel social, representan unha dimensión de tal envergadura que non se pode explicar que aínda a día de hoxe non exista a especialidade de psiquiatría infantil.

Bibliografía

- AJURIAGUERRA, J DE. *Manual de Psiquiatría Infantil* (1979). Cuarta edición. Toray-masson. Barcelona.
- BETTELHEIM, B. *Con el amor no basta* (1973). Editorial Nova Terra. Barcelona.
- BLEULER, E. (1950). *Dementia praecox or the group of schizophrenias. Monograph serie son schizophrenia*. Vol 1. New York. International University.
- BOYLE, T.C. *Wild child*. Traduction française l'enfant sauvage (2011). Bernard Grasset. París.
- DICKENS, C. *Oliver Twist; or, The Parish Boy's Progress* (1837). Bentley's Miscellany Book: Richard Bentley. London.
- FREUD, ANNA. *Psicoanálisis del desarrollo del niño y del adolescente* (1980). Paidós. Barcelona.
- FREUD, ANNA. *El psicoanálisis y la crianza del niño* (1980). Paidós. Barcelona.
- ITARD J. *De l'éducation d'un homme sauvage, ou des premiers développements physiques et moraux du jenne sauvage del'Aveyron* (2011). Goujou vendémiaire au X. París.

- JIMÉNEZ CASAS, C.L. *As voces de mármore. Autismo e psicoses infantís en Galicia* (1987). Xerais Universitaria. Vigo.
- KANNER L, KAPLAN H.I. (1978). *La psiquiatría infantil. Clasificación y examen psiquiátrico, psicológico y social*. Paidós. Barcelona.
- KANNER L. *Psiquiatría Infantil* (1976). 4º Edición. Ediciones Siglo Veinte. Buenos Aires.
- MAHLER, M. *Estudios 1. Psicosis infantiles y otros trabajos* (1984). Paidós. Buenos Aires.
- MAHLER, M. *Estudios 2. Separación-individuación* (1984). Paidós. Buenos Aires.
- MANNONI, M. *La teoría como ficción* (1980). Editorial Crítica. Barcelona.
- PIAGET, J. *La psicología de la inteligencia* (1999). Editorial Crítica. Barcelona.
- WING, LORNA. *La educación del niño autista* (1981). Paidós Educador. Barcelona.

NACIMIENTO DE LA PSIQUIATRIA INFANTIL

Cipriano Luis Jiménez Casas¹

Psiquiatra. Psicoanalista y escritor

RESUMEN

El concepto de psiquiatría infantil en cuanto a especialidad diferente –tal como escribe Leo Kanner– no surgió, ni podía surgir, antes del s. XX. Hasta entonces los niños formaban parte de los productos domésticos, en donde el Oliver Twist de Dickens era una ficción basada en una realidad inflexible, cuando el trabajo infantil irrestricto vaciaba la salud y el espíritu de los adolescentes sin recursos, o cuando la policía prusiana denunciaba los primeros jardines de infancia como focos del socialismo.

El s. XX iba a estar destinado a ser “el siglo del niño”. Se promulgan leyes que establecen tribunales de menores, los jueces consultan a los psiquiatras, se fundan centros de enseñanza especial y cátedras en las universidades destacadas, periódicos especializados, sociedades y convenciones nacionales e internacionales e intensas actividades de investigación. Desgraciadamente en el s. XXI esta especialidad todavía no está reconocida en España como especialidad universitaria.

1 Licenciado con grado en Medicina y Cirugía, USC (1966). Especialista en Psiquiatría por las Universidades de Madrid, Lausanne y Geneve (Suiza). Psiquiatra de los Hospitales Psiquiátricos de Leganés (Madrid), Clinique Psychiatrique d'Yverdon (Cantón de Vaud-Suiza), Clínica Universitaria de Bel-Air (Profesor de Ajuriaguerra) y Centro Psico-Social Universitario de Ginebra. Psicoanalista didáctico de la Asociación Española de Psicoterapia Psicoanalítica.

Actividade profesional: Ex – Director del Centro de Educación Especial Menela. Director de los Proyectos Europeos Horizonte II y III (1995-1999) de Formación para el Empleo de las Personas Autistas y Psicóticas Castro Navás - Autismo Galicia e INTERREG IIIA de Cooperación Transfronteriza España - Norte de Portugal (Fondo Social Europeo): CAMI, CAMI II e CAMI III (2003 – 2007).

Otras actividades profesionales y representativas: Fundador del Instituto Galego de Estudios Freudianos; Asociación Galega de Terapeutas de Autismo e Psicosis Infantís; Federación de Asociaciones Pro-Deficientes de Pontevedra; Autismo Galicia y Fundación Tutelar “Sálvora”. Ex-miembro: Consejo Asesor

Los precursores de la psiquiatría infantil

